

Conxunto canastros 43 a 48

030032

Datos de Localización

Canastro

Nomenclator:	3206202
Coord. UTM:	X: 59226200 Y: 465104800
Concello:	Porqueira
Parroquia:	PARADELA DE ABELEDA
Lugar:	Paradela de Abeleda
Tipoloxía:	Arquitectura Civil
Tipo:	Construcións de Almacenamento
Subtipo:	Canastro
Denominación:	Conxunto canastros 43 a 48
Etaqa Histórica:	Idade Contemporánea
Estilo relevante	Popular



Outros Estilos:

Descrición:

Conxunto de cinco canastros, dous deles mixtos e os restantes de madeira. Segundo a fotografía, o canastro da dereita está formado por dúas parellas de pés sobre os que descansan dúas mesas rectangulares. Este é o soporte que deixa paso á grade e seguidamente ó peche da cámara realizado nos lados costais mediante dous panos de doelas de madeira dispostas en posición horizontal. Esta solución é a adoptada para un dos lados penais, no outro colócase a porta de acceso, aínda que neste caso as doelas xa se dispoñen en sentido vertical. A porta está composta por dúas follas sobrepostas, a inferior de maior entidade cá superior. Na parte central do pasaventos colócase uns soficos de madeira para reforzar as padieiras. O corpo do canastro está moi inclinado cara un lateral, amenazando con desplomarse. Cuberta a dúas augas con tella curva. Seguindo a fotografía, os canastros segundo e cuarto son os mixtos. O segundo é un hórreo de tamaño bastante considerable, consta de oito pés e catro mesas a modo de tornarratos, o cuarto sen embargo reduce en dous o número de esteos. As cámaras reservan a pedra para as estruturas e para as columnas que serven de separación entre os panos de doelas. En ambos casos os panos de balaustres dispóñense en posición vertical e quedan atravesados mediante faixas. As madeiras en ambos hórreos están pintadas de granate. Para as cubertas, emprégase no segundo canastro a solución da tella francesa, e no cuarto tella romana. O terceiro dos bens emprega como soportes tres parellas de esteos nos cales repousan outras tres mesas rectangulares con terminación circular nos seus lados menores. Sobre este entramado descansa o corpo do canastro, pechado nos lados costais mediante tres panos de doelas dispostas en posición vertical e atravesadas por faixas. Esta é a mesma solución empregada para un dos lados penais, xa que o restante é o reservado para a porta de entrada. A porta consta de dúas follas sobrepostas, a superior de menos tamaño cá inferior. Cuberta a dúas augas medinte tella curva. Por detrás do ben que se acaba de describir atópase o último canastro do conxunto, o cal consta de dúas parellas de pés enriba dos cales se colocan dúas mesas rectangulares. Os soportes deixan paso ó corpo do hórreo cerrado éste mediante doelas dispostas en posición horizontal e unidas interiormente a través de faixas verticais. Nun dos lados penais, o da porta de acceso, a estrutura cambia, e neste caso os balaustres dispóñense en posición vertical. Cuberta a dúas augas empregando tella curva.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

.. - - . . .

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura: Madeira e granito

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 50m.

Protección

Tipo de ben: BIC

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: -----

Proposta Grao de Protección Arq. -----

Xustificación da Protección: É declarado Ben de Interese Cultural con arranxo ó Decreto 449 / 1973 do Ministerio de Educación y Ciencia.

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Regular

Uso Actual: Almacenamento / Sen uso

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións: Atópanse en estado óptimo de conservación os dous canastros mixtos, no caso dos outros tres de madeira o primeiro está en mal estado e nos outros dous a conservación é regular.

Bens Mobles





